# A NOITE SEN FIN

Un dia calquera atopábame na miña aldea, cara as doce da noite, despois de rematar de xogar cuns amigos, quedei durmido ata que espertei cunha mensaxe deles preguntando se ía  xogar ao dia seguinte ou non, contesteilles e mirei o reloxo, eran as tres e trinta e tres da maña así pois decidín ir  á cociña e beber un vaso de auga, de súpeto notei un ambiente moi pesado e un golpe fíxome caer ata o día seguinte que espertei na miña cama.

Esa mañá todo menos a dor nas costas me fixo pensar que a noite anterior fora un soño, decidín ignoralo ata que as tres e trinta e tres de ese mesmo día a mesma historia volveu acontecer, deixei de xogar e fun beber auga a cociña, notei o mesmo ambiente pesado e unha sensación familiar en todo o corpo, de súpeto sentín que me fallaban as pernas e acabei por caer no chan, e un intre antes de perder o coñecemento sentín un golpe na testa.

Espertei a mesma hora de sempre moi cansado e mareado, e coa mesma mensaxe dos meus amigos, outra vez me volveu a invadir ese ambiente tan familiar, como se estivese repetindo a mesma noite sen poder saír dela. Coa única diferencia de que esta vez coñecía ó que me enfrontaba. Decidín quedar esperto toda a noite e tal vez non ocurrise o mesmo de sempre, conseguino e cando pensei que puidera gañarlle a partida o que fose que estivese acontecendo, foi cando a piques de saír o sol, sentín a mesma dor coma cando algo me bateu na testa, a partida estaba perdida.

A dor volveume despertar as tres e trinta e tres da maña, pero ao arredor da camilla do hospital na que me atopaba estaban meus pais, e non a mensaxe dos meus amigos. De súpeto deime conta de que despois de tres días acababa de gañar a partida, miña nai contoume que foi tres días atrás cando despois da mensaxe dos meus amigos, sorprendeume bebendo auga na cociña un ladrón. Foron as tres e trinta e tres da mañá cando intentando defenderme me agrediu e me deixou durante tres días intentando espertar no hospital. As cousas nunca son o que parecen, e foi no momento no que decidín enfrentar a situación e non dormirme cando como se dunha broma se tratase puiden espertar do meu largo soño nunha noite que parecia que non tiña fin.